



SOLICITUDE DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS - CURSO 2020-21

D/D^a _____ con DNI _____
e teléfono _____, como pai/nai ou titor/a dos/as alumnos/as seguinte/s:

NOME DO ALUMNO/A	CURSO	ETAPA

SOLICITA: *Marcar cun X no 1º recadro (transporte), no segundo (comedor), ou nos dous.*

O uso do **transporte escolar** gratuito para o curso 2020-21 conforme á lexislación vixente, segundo corresponda (*marcar cun X nos cadriños correspondentes*):

<input type="checkbox"/>	Usuario lexítimo de transporte (domicilio a máis de 2 km do centro).	<i>Certificado ou volante de empadramento actual-</i>
<input type="checkbox"/>	Usuario autorizado de transporte (a menos de 2 km do centro).	
<input type="checkbox"/>	Ruta 1:	Parada: <i>(ver instrucións)</i>
<input type="checkbox"/>	Ruta 2:	Parada: <i>(ver instrucións)</i>

O uso do **comedor escolar** para o curso 2020-21 conforme á lexislación vixente, segundo as circunstancias seguintes (*marcar cun X no cadriño correspondente*):

PRIORIDADE	CIRCUNSTANCIAS DO ALUMNADO	XUSTIFICACIÓN
1º	Alumnado usuario lexítimo do transporte escolar	<i>Certificado ou volante empadramento actual de toda a unidade familiar</i>
2º	Situación socioeconómica de exclusión social	<i>Certificado Servizos Sociais do Concello.</i>
	Discapacidade igual ou superior ao 33%	<i>Certificación de discapacidade.</i>
	Situacións especiais de terrorismo, violencia de xénero ou acollemento.	<i>Documentación acreditativa do feito correspondente.</i>
3º	Alumnado membro de familia numerosa	<i>Título Familia Numerosa.</i>
4º	Incompatibilidade horaria dos dous proxenitores coa hora de saída do centro ao mediodía.	<i>TCA: Certificados das empresas do horario de traballo. AUT:Alta no IAL e declaración responsable</i>
5º	Outro alumnado do centro	_____

Foi usuario do comedor no curso anterior: SI NON

Explicar a posible necesidade de dieta especial por problemas médicos (aportando informe médico):

Ares, a _____ de _____ de 20__.

Asinado: _____

ANEXO II: AUTODECLARACIÓN

A) RENDA NETA IRPF 2019:

Casiña 435 + casiña 460 – casiña 595 = <input style="width: 150px; height: 20px;" type="text"/>

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (incluído os/as alumnos/as):

Número de membros =

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
Declarante				
Cónxuxe				
Fillo/a 1				
Fillo/a 2				
Fillo/a 3				
Fillo/a 4				
Fillo/a 5				

C) RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

Renda per cápita (*renda neta dividida entre o nº de membros*) =

D) AUTODECLARACIÓN (marcar cun X no recado que corresponda):

Gratuito	Situacións familiares especiais ou discapacidade do alumno/a (<i>ver instrucións</i>). Renda anual per cápita menor ou igual a 7.000 €
Abono de 1 € por día	Renda anual per cápita de 7.000,01 a 8.000 € (<i>Con 1 ou 2 fillos en idade escolar</i>) Renda anual per cápita superior a 7.000 € (<i>Con 3 ou máis fillos en idade escolar</i>)
Abono de 2,5 € por día	Renda anual per cápita de 8.000,01 a 9.000 € (<i>Con 1 ou 2 fillos en idade escolar</i>)
Abono de 4,5 € por día	Renda anual per cápita superior a 9.000 € (<i>Con 1 ou 2 fillos en idade escolar</i>)

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal da Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

Ares, ____ de _____ de 20__

Sinatura do declarante:

Sinatura do cónxuxe:

Sinatura dos fillos/as maiores de idade:

“En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educación@xunta.es.”

INSTRUCCIÓN

1.- TRANSPORTE ESCOLAR

(Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O. U., do 16 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar para o curso 2020-21.

Será **usuario lexítimo** do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se atope a unha distancia superior a 2 km do centro escolar e **sempre que faga uso continuado do mesmo**.

Poderase autorizar excepcionalmente (**usuario autorizado**) o uso do servizo de transporte ao alumnado situado a menos de 2 km e máis de 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada, sempre que haxa vacantes, non comporte modificación de rutas nin de paradas, nin tampouco maior duración do traxecto, para cada curso escolar.

RUTAS	PARADAS
Ruta 1: Redes - Ares	O Pedregal, Cruce de Redes, Fronte á Escola, O Paralelo, Camiño de Rodelas, Seselle, O Castro.
Ruta 2: Chanteiro - Ares	Chanteiro praia, Chanteiro, Cervás, Os Galgos, Lubre de Arriba, Lubre de Abaixo, Cruce.

2.- COMEDOR ESCOLAR

(Instrución 2/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, do 6 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso 2020-21).

Segundo a normativa antedita, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no Comedor Escolar, o Consello Escolar baremará as ditas solicitudes conforme ás seguintes preferencias:

1º Alumnado usuario do curso anterior, sempre que non cambiara a súa situación.

2º Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.

3º Alumnado de unidades familiares en situación socioeconómica de exclusión social, cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou vítimas de terrorismo e/ou violencia de xénero.

4º Alumnado pertencente a familias numerosas.

5º Alumnado fillo de pai e nai traballadores, con incompatibilidade horaria coa saída do centro ao mediodía.

6º Outro alumnado do centro.

En caso de empate nalgún dos apartados anteriores, aplicaranse as prioridades aprobadas polo Consello Escolar na súa reunión do día 5 de setembro de 2011, que son as seguintes:

a) Ter irmáns usuarios do comedor escolar.

b) O nivel de renda familiar en orde inversa.

c) Minusvalía da nai ou do pai.

d) Incompatibilidade horaria, se é o caso.

Todas estas situacións terán que acreditarse coa documentación que se sinala no apartado correspondente da solicitude.

O alumnado que teña necesidade dalgunha **dieta especial** por problemas de saúde ou **alergia** a algún alimento, deberá cubrir o apartado reservado a tal efecto na solicitude e xustificalo documentalmentemente co correspondente informe médico no que se especifique a dita circunstancia; en caso contrario non se terá en consideración.

3.- AUTODECLARACIÓN

Non terán que facer a autodeclaración os usuarios con situación socioeconómica de exclusión social, en situación de acollemento residencial ou familiar, o alumnado cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% e as vítimas de terrorismo e/ou violencia de xénero.

A renda familiar obterase facendo estas operacións coa declaración do IRPF do **ano 2019**:

- 1.- Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
- 2.- Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595

Para obter a renda per cápita, o resultado de calquera das operacións anteriores dividírase entre o número de membros da unidade familiar segundo a normativa do IRPF.

Incorporase unha calculadora na páxina web: <https://edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>.

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas no ano 2019 por todas as persoas que integran a unidade familiar.

Os datos obteranse da declaración anual do IRPF, segundo o sistema anteriormente indicado, e sumaranse no caso de haber dúas ou máis declaracións.

Se algún dos membros non tivera a obriga de presentar a declaración, terá que consignar os seus datos fiscais (ingresos menos gastos e retencións) ou solicitalos á Axencia Tributaria.

Para determinar o número de membros da unidade familiar, sempre a 31 de decembro de 2019, cómpre ter en conta o seguinte:

- No caso de matrimonio está formada polos cónxuxes non separados legalmente, polos fillos menores (salvo que vivan independentemente) e polos fillos maiores incapacitados xudicialmente.
- En ausencia de matrimonio ou se hai separación legal, está formada polo pai ou pola nai (un só) e a totalidade dos fillos que convivan con el ou ela, segundo o indicado no caso anterior. Se hai custodia compartida ou parella de feito só un dos proxenitores forma parte da unidade familiar.

O uso do servizo de comedor dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos pais, nais ou titores legais do alumno/a usuario. Os prezos serán os seguintes:

Usuarios gratuitos	Situación socioeconómica de exclusión social, certificada polos servizos sociais; situación de acollemento residencial ou familiar; alumnado cun grao de discapacidade igual o superior ao 33%; vítimas de terrorismo e/ou violencia de xénero. Rnda anual per cápita inferior a 7.000 €
Abono de 1 € por día.	Renda anual per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €, se hai un ou dous menores en idade escolar. Renda anual per cápita igual ou superior a 7.000,01 €, se hai tres ou máis menores en idade escolar.
Abono de 2,50 € por día.	Renda anual per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €, se hai un ou dous menores en idade escolar.
Abono de 4,50 € por día.	Renda anual per cápita igual ou superior a 9.000,01 €, se hai un ou dous menores en idade escolar.

O importe do prezo público aboarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte. Obterase multiplicando o prezo correspondente polos días de uso do comedor. Os usuarios deberán comunicar ao centro os días que vaian faltar antes das 9:45 h do día correspondente.

O ingreso efectuarase en calquera das entidades autorizadas pola Consellería de Facenda, por medio ou a través **da oficina virtual tributaria** (<http://www.conselliariadefacenda.es/web/portalconfeccion-impresos>) e logo presentaranse no centro os xustificantes de pagamento nos 20 primeiros días do mes, conservando o exemplar para o interesado.

Os impresos serán entregados polo centro, aínda que tamén se poden conseguir e aboar a través do Espazo Abalar; neste caso non terán que presentar logo o xustificante no centro.

Os incumprimentos no pagamento dun mes impedirán a utilización do servizo ao mes seguinte, mentres non se proceda ao mesmo. Aos dous meses procederase a abrir expediente de perda de praza.

Ares, 30 de xuño de 2020.